



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia de América precolombina e colonial

Materia	Historia de América precolombina e colonial			
Código	O02G251V01105			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Campos Álvarez, José Ramón			
Profesorado	Campos Álvarez, José Ramón			
Correo-e	xrcampos@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo das orixes e desenvolvemento das culturas indíxenas americanas e dos procesos de descubrimento, conquista e colonización do novo mundo.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C22	Coñecemento da historia universal
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razoamento crítico
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecemento dos conceptos principais da Historia de América	A3		C14 C16	D4 D7 D9 D10 D16
Coñecemento dos procesos históricos americanos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	A3	B2	C14 C16	D7 D11 D16
Coñecemento da Historia americana nunha perspectiva comparada	A5	B2	C12 C13 C22	D1 D7 D8 D11 D16
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	A5	B2	C12 C13 C14	D2 D3
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	A3			D2 D7 D16
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	A4	B2	C13	D1 D2 D3 D4 D7 D9

Contidos

Tema	
1. América Precolombina	1.1 As orixes do home americano 1.2 As primeiras culturas e os modelos de organización social 1.3 As grandes culturas indíxenas
2. América colonial	2.1 As navegacións atlánticas 2.2 Descubrimento e conquista de América 2.3 Os diversos modelos de ocupación do territorio e a súa organización administrativa 2.4 A economía das colonias europeas 2.5 Sociedade e cultura na etapa colonial

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	34	56
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	5	20	25
Resolución de problemas	4	15	19
Obradoiro	6	14	20
Seminario	7	15	22
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da metodoloxía e do programa de actividades da asignatura, así como do sistema de avaliación.
Lección maxistral	Exposición das liñas de interpretación e desenvolvemento dos temas que forman parte do programa de contidos.
Eventos científicos	Asistencia a eventos ou actividades divulgativas.
Traballo tutelado	Atención personalizada a resolución de problemas derivados da realización dos traballos individuais.
Resolución de problemas	Actividades destinadas a exercicios prácticos.

Obradoiro	Sesións dirixidas a grupos que traballarán dende o comenzo do curso nun tema práctico concreto. Estes traballos terán tamén horas de tutelaxe. Reservanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento e a Facultade.
Seminario	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistras

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada e das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenrolar sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30	A4	B2	C13	D1 D2 D3 D4 D7 D9
Resolución de problemas	Comentarios de texto e material gráfico que será suministrado polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas. Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia de América nunha perspectiva comparada.	20	A3		C22	D2 D7 D16
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento e que inclúen preguntas de resposta curta, comentarios de texto e de imáxes. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias.	40	A3	B2	C14	D2 D7 D11 D16
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Avaliación continua do seu traballo autónomo, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia América nunha perspectiva comparada	10	A5	B2	C12	D1 D7 D8 D11 D16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento

individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de

Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BETHELL, L. (ed.), **Historia de América Latina (Vols. I-IV)**, 1ª, Crítica, 1990-2003

SIXIREI PAREDES, C., **Historia de América. T. I**, 1ª, Ir Indo, 2009

Bibliografía Complementaria

AMORES CARREDANO, J.B. (Coord.), **Historia de América**, 1ª, Ariel, 2006

CARRERA DAMAS, G., **Historia General de América Latina**, 1ª, Trotta-UNESCO, 1999-2008

MALAMUD, C., **Historia de América**, 2ª, Alianza, 2010

CIUDAD, A.; LUCENA, M.; MALAMUD, C., **Manual de Historia Univesarl. Historia de América. Tomo X**, 1ª, Historia 16, 1992

MARCHENA, J.; GARAVAGLIA, J.C, **América Latina de los orígenes a la independencia**, 1ª, Crítica, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia: Introducción á etnoloxía/O02G251V01102

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle (<http://faiTic.uvigo.es>), polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
